

## Entrevista | Victorino Pérez Prieto

ESCRITOR



KOPA

Victorino presentará o venres o seu libro «Os ríos baixan cheos de Deus»

## «A relixión é unha opción de diálogo entre Oriente e Occidente»

Saúco Fernández

A CORUÑA

■ *Os ríos baixan cheos de Deus* é o título do último libro de Victorino Pérez. O teólogo e escritor galego firma a primeira antoloxía poética relixiosa da literatura do país. A obra recopila máis de 200 poemas de 90 autores distintos enmarcados dende a Idade Media ata hoxe. O venres (20 horas), Victorino Pérez falará sobre este libro nun acto de presentación que terá lugar en Portas Artabras.

—¿Xa había poesía relixiosa nos comezos da literatura?

—Se nos remontamos aos comezos da literatura encontrámonos c. a poesía relixiosa. Os textos máis antigos da Biblia non son máis que poemas, versos aos que se lles encheu de ritmo.

—¿Cómo é seu libro?

—*Os ríos baixan cheos de Deus* é un libro que está dividido en dúas partes. Na primeira fago un estudo sobre a poesía relixiosa en Galicia. A segunda é unha antoloxía poética onde recollo 200 poemas dende a Idade Media.

—¿Pódese dicir que a literatura galega conta cunha extensa obra poética relixiosa?

—Claro que si. A xente sorprendíase de todos os autores que hai na nosa literatura con conviccións relixiosas. No libro recóllense poemas de Afonso X, de Rosalía de Castro, de Manuel María ou de Celso Emilio Ferreiro. Dentro de todos estes autores, algúns eran practicantes e outros non, pero iso non ten que ver coa religiosidade.

—¿O mundo actual é menos relixioso?

—Non, creo que non, para min vivimos nun mundo profundamente relixioso. O que sucede é que a sociedade actual, sobre todo os mozos, son moi críticos coas institucións relixiosas. Ten certa lóxica porque a ninguén lle gusta que lle digan o que ten que facer. A relixión vai moito máis alá que a mera práctica relixiosa. É unha experiencia universal.

—¿Cal é o papel da relixión neste mundo de conflitos culturais?

—A relixión convértese nunha alternativa de diálogo entre Oriente e Occidente. Alí onde hai unha experiencia profunda de realidade hai unha experiencia relixiosa. A relixión serve para unir, non para dividir. A realidade divina é unha, independentemente do nome que se lle queira dar.

RADIO VOZ  
VOCES DE A CORUÑA  
92.6 FM

09.00 HORAS

**Seguimento de las manifestaciones del primero de mayo** ■ Lucía Casanova presentará hoy el programa *Voces de A Coruña*. La periodista y su equipo realizarán un seguimento de las manifestaciones entre las 9 y las 11.30 horas.

## Rescatan a un hombre que intentó acceder a su casa por una ventana

R. V. | A CORUÑA

■ Los bomberos acudieron a las 22.50 horas de ayer al rescate de un vecino del número 10 de la calle Santa Cecilia, en Monte Alto, que quedó atrapado cuando intentaba acceder a su casa por una ventana.

Según los bomberos, el hombre, que vive en un segundo piso y había perdido las llaves de casa, «abrió un ventanal del rellano, se ató con unos cordones para asegurarse y empezó a romper unas rejas que protegen la ventana de su casa». Una vecina observó la maniobra y, considerándola peligrosa, llamó al 080. Cuando los efectivos de emergencia llegaron al inmueble de la calle Santa Cecilia, el hombre, «de unos 56 años», ya había roto buena parte de la verja. Lo amarraron para garantizar su integridad física, y después lo trasladaron al rellano. Uno de los bomberos accedió a la casa a través de la ventana por la que el hombre había pretendido entrar. Fue el mismo que le abrió la puerta para que, ya sin peligro, pudiese acceder a su casa.